

# DSpace da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

---

R. Salgueiro Salgueiro (2004): “A formación de substantivos deadxectivais”, en R. Álvarez / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.): *A lingua galega: historia e actualidade*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, vol. 4, 189-194.

---



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

## A FORMACIÓN DE SUBSTANTIVOS DEADXECTIVAIS EN GALEGO<sup>1</sup>

Rosa Salgueiro Salgueiro

Instituto da Lingua Galega. Universidade de Santiago de Compostela

Cando se observa desde fóra o terreo da formación de palabras, é frecuente que se saque a impresión de que é un campo caótico e gobernado pola casualidade. Sen embargo, a medida que nos imos introducindo nel comprobamos que non é así, senón que existen unhas tendencias organizadoras.

Se cadra xa nos temos preguntado por qué do adxectivo *exuberante* se forma un substantivo *exuberancia* e non, por ex., *exubereza* do mesmo xeito que de *áspero* → *aspereza*; por que a *musical* lle corresponde *musicalidade* e non *musicalía* coma de *covarde* → *covardía* ou de *enxebre* → *enxebreza* e non *enxebriedade*.

Neste traballo pretendo dar resposta a este tipo de preguntas, cinguíndome ó terreo dos substantivos formados a partir de adxectivos, tamén chamados substantivos deadxectivais. Trátase, polo tanto, de explicar os criterios que rexen a elección dun ou doutro sufixo para a formación do substantivo correspondente.

Para a realización deste estudio baseime nun conxunto de textos de carácter filosófico-ensaístico dos que extraín unhas 50.000 ocorrencias de substantivos<sup>2</sup>; posteriormente seleccionei os substantivos formados sobre adxectivos e traballei con eles. As conclusións obtidas foron as seguintes:

1. O galego emprega unicamente o procedemento da adición de sufixos para a formación de substantivos a partir de adxectivos. Agora ben, dentro dos 17 sufixos rexistrados, unicamente seis poden ser considerados productivos: *-dade*, *-ncia*, *-ez*,

<sup>1</sup> Os datos deste traballo están extraídos da miña Memoria de Licenciatura *Aproximación á formación de substantivos deadxectivais en galego* (inédita), dirixida polo Dr. Antón Santamarina Fernández; foi lida e defendida na Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela en xuño de 1996. Gustaríame deixar constancia do agradecemento que lle debo tanto ó seu director, como a Jesús Pena Seijas, que me axudaron desinteresada e amigablemente.

<sup>2</sup> Todos estes textos forman parte da “Base de datos para un Dicionario de Lingua Galega” do Instituto da Lingua Galega. O feito de que xa estivesen informatizados facilitoume enormemente o labor.

*-eza*, *-ía* e *-ura*: son precisamente estes os que constituíron o núcleo da miña investigación.

Con todo, o grao de produtividade varía tamén moito entre eles; poderíase propoñer a seguinte escala de produtividade para o galego actual, deixando á parte *-ncia* porque, segundo veremos, só se une a bases rematadas en *-nte*: na parte máis alta da escala e cun grao altísimo de produtividade situamos *-dade*, mentres que no extremo inferior están *-ez* e *-ía* con escasa produtividade, quedando a zona intermedia para *-eza* e *-ura*, sempre por esa orde. Esta ordenación significa que os derivados da zona superior da escala pertencen a unha serie aberta, mentres que *-ía* e *-ez* pertencen a series pechadas, de maneira que moi raramente poderían xerar novos termos. A posición de cada sufixo nesta escala de produtividade irá atopando a súa xustificación coas explicacións dadas ó longo deste traballo.

Non obstante, cómpre advertir que entendemos o concepto de produtividade como relativo e motivado por múltiples factores. Ademais, na formación de palabras non podemos falar de regras estrictas senón de tendencias máis ou menos claras nun momento dado; daquela, o inventario de sufixos productivos non é pechado nin inmutable e, de feito, un sufixo que neste momento nós cualifiquemos de improdutivo pode, no futuro, ser creador de novas palabras a medida que os usuarios do galego sintan a súa necesidade.

2. Unha vez que temos delimitados os sufixos productivos imos observar como se unen coas súas respectivas bases, porque, de feito, non se unen caprichosa e indiscriminadamente a calquera base, senón que lles impoñen unhas condicións, é dicir, existen unhas pautas de combinación. O primeiro criterio que resulta pertinente na selección que realizan os sufixos sobre as súas bases ten que ver con que a base sexa derivada por sufixación ou sexa simple ou prefixada. Vexamos cada un dos casos:

#### A) BASES DERIVADAS POR SUFIXACIÓN

O sufixo efectúa a súa escolla en función do segmento final da base, sendo indiferente que sincronicamente se trate de sufixo ou de terminación; é dicir, un substantivo formárase con *-dade* ou con *-eza* dependendo do segmento final do adxectivo que lle serve como base de derivación, co cal, se estudiamos como se establecen esas distribucións, poderemos predicir a formación de novas palabras que sexan sufixadas ou que se interpreten como tales.

Do total do corpus, as  $\frac{3}{4}$  partes dos substantivos fórmanse sobre unha base de derivación sufixada. O terreo das bases derivadas por sufixación está repartido entre *-dade*, *-ncia*, *-ía* e *-ez*, mentres que *-ura* e *-eza* semellan, xa de entrada, preferir as bases simples. Pódense dar dúas situacións:

- que as bases sexan seleccionadas soamente por un sufixo,
- que as bases estean compartidas por dous sufixos, nunca máis de dous, sen que se poida establecer claramente a preferencia por un deles.

A situación predominante é, con moita diferenza, a primeira. De feito, das 38 terminacións consideradas, 35 son seleccionadas univocamente por un só sufixo:

- *-dade* selecciona 26 terminacións,
- *-ía* catro,
- *-ez* soamente tres,
- e, finalmente, *-ncia* únese exclusivamente ás bases rematadas en *-nte* e *-nto*.

A seguir presentamos polo miúdo a lista de terminacións que escolle cada sufixo con algúns exemplos ilustradores:

TERMINACIÓNS	SUFIXOS
<i>-ál ~ -ár; -él; -il</i> <i>-ífico; -ico</i> <i>-no; -áneo; -éno; -ín; -ino; -úno; -imo</i> <i>-eo; -io; -uo; -árido; -óso; -úco; -tório</i> <i>-ble</i> <i>-tivo ~ -sivo</i> <i>-áz; -íz; -óz</i> <i>-iór</i> compostos e/ou parasintéticos (en latín) cunha nasal na sílaba final <sup>3</sup>	<i>-DADE: musicalidade; crueldade; axilidade</i> <i>cientificidade; plasticidade</i> <i>dignidade; obscenidade; lexitimidade</i> <i>nimiedade; pastosidade; caducidade</i> <i>estabilidade; compatibilidade</i> <i>emotividade; agresividade</i> <i>veracidade; felicidade; ferocidade</i> <i>interioridade</i> <i>unanimidade; enormidade</i>
<i>-áno</i> <i>-és</i> <i>-dór</i> <i>-ór</i>	<i>-ÍA: veteranía; lontanía</i> <i>cortesía; burguesía</i> <i>traidoría</i> <i>melloría</i>
<i>-ádo</i> <i>-áto</i> <i>-ido</i>	<i>-EZ: honradez; delgadez</i> <i>inmediatez, sensatez</i> <i>lucidez, invalidez</i>
<i>-nte (-nto)</i>	<i>-NCIA: predominancia; paciencia; violencia</i>

O predominio de *-dade* é, daquela, indubidable, non só porque se une a un elevadísimo número de terminacións, senón porque se xunta cos sufixos de adxectivos que son, á súa vez, máis productivos: *-ble*, *-ál*, *-óso* e *-tivo ~ -sivo*.

De por parte, o resto dos sufixos seleccionan terreos moito menos rendibles e, ademais, agás con *-ncia*, a súa exclusividade comeza a perigar por canto xa se rexistran incursións doutros sufixos, nomeadamente *-dade* e *-eza* no seus terreos correspondentes.

<sup>3</sup> Entre os adxectivos seleccionados por *-dade* observei un grupo que tiña en común o feito de seren compostos ou parasintéticos en latín e levaren, ademais, unha nasal na sílaba final. Dado que os seus substantivos correspondentes se forman con *-dade* de xeito regular, pareceume conveniente agrupalos, mesmo baixo unha etiqueta tan xeral, sen que iso signifique que o relevante na selección sexa algunha das características mencionadas.

En canto a *-ncia*, escolle bases moi productivas, de tal xeito que a serie dos adxectivos en *-nte* parece inesgotable, pero como non sae dese terreo, a súa produtividade vese moi limitada.

Son unicamente tres, e para iso pouco rendibles, as terminacións compartidas por dous sufixos; ademais, *-dade* intervén en dúas delas:

TERMINACIÓNS	SUFIXOS
-il	-EZA/ -DADE: <i>sutileza vs. virilidade</i>
-án	-ÍA/-DADE: <i>galanía vs. cristiandade</i>
-ído	-EZA/-EZ: <i>garrideza vs. fluidez</i>

Conxuntamente, o grao total de selección é do 92,1% en relación ó total de terminacións e ademais, non cómpre esquecer que dentro dos seleccionados están os sufixos máis productivos. A selección é altísima pero non total, polo tanto non podemos falar da existencia de distribución complementaria dos sufixos en relación coa clase afixal das bases de derivación.

## B) BASES SIMPLES E PREFIXADAS

O número total de derivados formados a partir de bases simples é moito menor; no noso corpus representa aproximadamente  $\frac{1}{4}$  do total. Aquí intervén un maior número de sufixos e o terreo está máis repartido, de maneira que aínda que segue predominando *-dade*, a súa presenza non é tan ampla coma coas bases sufixadas. Únense con este tipo de bases todos os sufixos agás *-ncia*, por suposto, e ademais *-eza* e *-ura* presentan a particularidade, como xa dixemos, de que soamente escollen bases simples ou prefixadas. O reparto en porcentaxes para cada sufixo é o seguinte:

- *-dade*: 43,5%
- *-eza*: 27,1%
- *-ura*: 14,2%
- *-ía*: 8,5%
- *-ez*: 6,4%

A situación cos derivados creados sobre as bases simples é xa totalmente diferente por canto non se pode afirmar que exista un criterio organizativo común e válido para todos os sufixos implicados; a elección da base non parece ser efectuada debido a cuestións fonolóxicas (número de sílabas, segmento final da base) nin morfolóxicas (temas en consoante, temas en vocal...) en liñas xerais.

Se analizamos cada un dos sufixos poderemos, así a todo, rastrexar certas preferencias que nin son definitivas nin exclusivas e, polo tanto, pode haber terreos compartidos

por máis dun sufixo. Ata o momento non tivemos en conta as nocións semánticas para explicar a distribución dos sufixos porque é obvio que para os derivados feitos sobre bases sufixadas este criterio carece de relevancia. Sen embargo, agora, ó carecermos dun criterio xeral común e válido, apelaremos tamén á parte significativa por ver se se puidese deber a ela, de xeito individual, a distribución.

O sufixo *-ura* únese case invariablemente a bases bisílabas, preferentemente de tema en *-o* (aínda que tamén temos *dozura*, *quentura* e *tristura*) e de carácter non culto.

Para o sufixo *-eza* non é relevante o número de sílabas da base nin a súa vocal temática; sen embargo, semella ter preferencia por ámbitos semánticos particulares: trazos de carácter e calidades morais, tanto positivas coma negativas, sendo inusual que os seus derivados se refiran a calidades físicas e materiais. De feito, mesmo os substantivos que inicialmente designaban só nocións físicas ampliaron o seu campo de significación cara a referencias de índole moral: pénsese por ex. en *dureza*, *fraqueza* ou *baixeza*.

Co sufixo *-ía*, moi pouco productivo, só podemos asegurar a predilección por bases gregas, mentres que *-ez* non presenta características singulares fronte a *-eza*.

Finalmente, *-dade* cobre un terreo medio libre ata o momento como é o das bases de carácter culto (non gregas); pero ademais destas, ten capacidade para unirse a bases de todo tipo independentemente do número de sílabas, da vocal do tema ou mesmo do significado.

No terreo das bases simples, polo tanto, ocorre que cada sufixo semella ter certas preferencias e escolle en función delas, pero dado que tales predileccións obedecen a parámetros distintos, existen zonas de intersección e superposición. Máis ca nunca, neste ámbito cómpre falar de tendencias e non de regras.

Non quixera rematar sen referirme brevemente á relación da parella de sufixos *-ez* / *-eza* que manteñen, case desde a súa orixe, unha loita particular; ó seren dous sufixos tan semellantes ou ían acabar por se fundir nun único sufixo, como ocorreu na maioría das linguas romances, ou terían que desenvolver trazos distintivos para poder subsistir por separado, que foi o que ocorreu en portugués, en español e en galego. Os parámetros que os diferenciaron ó longo do tempo foron variando: distintas parcelas de significado, diferencias sobre a estrutura silábico-acental, etc. Na miña opinión, no galego actual o criterio relevante na distribución de *-ez*/*-eza* é o da produtividade, de maneira que *-eza* se presenta como o sufixo dispoñible para a formación de novas palabras, mentres que *-ez* quedaría reducido ás xa existentes. Neste sentido, o galego camiña xustamente na dirección oposta ó español por canto nesta lingua o sufixo empregado nas creacións é *-ez* e non *-eza*.

Nunha visión de conxunto dos substantivos deadjectivais en galego debemos destacar o alto grao de selección dos sufixos sobre as súas bases: lembremos que as bases sufixadas representan as  $\frac{3}{4}$  partes do total do corpus e, dentro delas, as combinacións son absolutamente constantes e sistemáticas co 92,1% das terminacións. Polo tanto, poderemos predicir nun elevado número de casos a formación de novos termos que

sirvan para cubrir as lagoas léxicas aínda existentes na nosa lingua. Así mesmo, un coñecemento axeitado dos mecanismos que o galego empregou para a formación das palabras xa existentes deberá servir de pauta orientadora tanto para as diferentes escolas normativas como para a creación de termos de léxicos especializados e mesmo para a adaptación de empréstitos.

### BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

- Álvarez, R./Monteagudo, H. e Regueira, X. L., *Gramática galega*, Vigo, Galaxia, 1989<sup>2</sup>.
- Arnuzzo-Lanszweert, A. M., “I nomi derivati del italiano: osservazioni per un modello descrittivo”, *Actes du XII Congrès International de Linguistique et philologie romanes*, Vol. 3, Provenze, 1985.
- Bécherel, D., “Différenciation morpho-sémantique des suffixes nominalisateurs de l’adjectif”, *Cahiers de Lexicologie*, 38, 1981.
- Fernández Ramírez, S., *La derivación nominal* [Ordenado, anotado y dispuesto para la imprenta por Ignacio Bosque], anexo XL do *BRAE [Boletín de la Real Academia Española]*, Madrid, 1986.
- Lang, M. F., *Spanish Word Formation. Productive derivational morphology in the modern lexis*, London, Routledge, 1990.
- Malkiel, J., *Development of the Latin Suffixes -antia and -entia in the Romance Languages, with especial regard to Ibero-Romance*, Berkeley and Los Angeles, UCPL, 1945.
- Malkiel, J., “El análisis genético de la formación de palabras” en Varela, S. (ed.), *La formación de palabras*, Madrid, Taurus Universitaria, 1966.
- Pena, J., “Sobre los modelos de descripción en morfología”, *Verba*, 17, Universidade de Santiago de Compostela, 1990.
- Piel, J., “A formação dos substantivos abstractos em português”, *Biblos* XVI, Lisboa, 1940.
- Scalise, S., *Morfología Generativa*, Madrid, Alianza Universidad Textos, 1987.